

OPOSICIONES 2019



# PRAZAS CONVOCADAS OPOSICIÓN 2019

Corpo de profesores de ensino secundario	Reserva persoas con discapacidade	Libre	TOTAL
Filosofía	2	23	25
Lingua Castelá e Literatura	4	51	55
Xeografía e Historia	4	51	55
Matemáticas	9	111	120
Física e Química	2	28	30
Bioloxía e Xeoloxía	2	33	35
Francés	4	51	55
Inglés	3	37	40
Portugués	0	4	4
Educación Física	3	37	40
Tecnoloxía	3	42	45
Lingua Galega e Literatura	4	56	60
Economía	5	60	65
Administración de Empresas	4	46	50
Formación e Orientación Laboral	4	56	60
Informática	2	28	30
Org. e proc. de mant. de vehículos	1	19	20
Org. e Prox. de Fabric. Mecánica	1	14	15
Procesos na Industria Alimentaria	1	14	15
Sistemas electrónicos	1	14	15
<b>TOTAL</b>	<b>59</b>	<b>775</b>	<b>834</b>

Corpo de profesores técnicos de formación profesional	Reserva persoas con discapacidade	Libre	TOTAL
Instalacións electrotécnicas	2	28	30
Mantemento de vehículos	2	28	30
Mecaniz. e mantem. de máquinas	1	17	18
Peiteado	2	13	15
Procesos de Xestión Admin.	3	42	45
<b>TOTAL</b>	<b>10</b>	<b>128</b>	<b>138</b>

Corpo de profesores de música e artes escénicas	Reserva persoas con discapacidade	Libre	TOTAL
Piano	1	7	8
Linguaxe musical	1	7	8
<b>TOTAL</b>	<b>2</b>	<b>14</b>	<b>16</b>

Corpo de mestres	Reserva persoas con discapacidade	Libre	TOTAL
Educación Infantil	9	126	135
Lingua Estranxeira: Inglés	5	60	65
Lingua Estranxeira: Francés	5	65	70
Educación Física	3	37	40
Música	4	51	55
Pedagogía Terapéutica	9	116	125
Audición e Linguaxe	7	93	100
Educación Primaria	12	168	180
<b>TOTAL</b>	<b>54</b>	<b>716</b>	<b>770</b>

Acceso do Subgrupo A2 ao Subgrupo A1 Corpo de profesores de ensino secundario	Reserva persoas con discapacidade A2-A1	A2-A1	TOTAL
Filosofía	1	7	8
Lingua Castelá e Literatura	1	17	18
Xeografía e Historia	1	17	18
Matemáticas	3	37	40
Física e Química	1	9	10
Bioloxía e Xeoloxía	1	11	12
Francés	1	17	18
Inglés	1	12	13
Educación Física	1	12	13
Tecnoloxía	1	14	15
Lingua Galega e Literatura	1	19	20
Economía	2	20	22
Administración de Empresas	1	16	17
Formación e Orientación Laboral	1	19	20
Informática	1	9	10
Org. e proc. de mant. de vehículos	1	6	7
Org. e Prox. de Fabric. Mecánica	0	5	5
Procesos na Industria Alimentaria	0	5	5
Sistemas electrónicos	0	5	5
<b>TOTAL</b>	<b>19</b>	<b>257</b>	<b>276</b>

Corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas	Reserva persoas con discapacidade	Libre	TOTAL
Inglés	2	28	30
<b>TOTAL</b>	<b>2</b>	<b>28</b>	<b>30</b>

# ÍNDICE

1. MESTRES	4
1.1 Lexislación aplicable	4
1.2 Requisitos	4
1.3 Adquisición de novas especialidades	5
1.4 Fase de Oposición	5
2. PES, PTFP, PROFESORES DE ESCALAS OFICIAIS DE IDIOMAS, PROFESORES DE MÚSICA E ARTES ESCÉNICAS	8
2.1 Lexislación aplicable	8
2.2 Requisitos	8
2.3 Adquisición de novas especialidades	11
2.4 Procedemento selectivo de acceso ó corpo do grupo superior	12
2.5 Resto de opositores, ingreso no corpo de PES, PTFP, EOI e Profesores de Música e Artes Escénicas	13
3. Fase de concurso. Puntuación final	16
4. Remate do proceso selectivo: concurso-oposición	24

## Teléfonos de axuda durante o proceso



981 552 393 - Galicia Santiago

981 271 915 - A Coruña

982 227 912 - Lugo

988 255 852 - Ourense

986 437 043 - Pontevedra-Vigo

ORDE do 21 de febreiro de 2019 pola que se convocan procedementos selectivos de ingreso e acceso ao corpo de profesores de ensino secundario, de ingreso ao corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas, ao corpo de profesores de música e artes escénicas, ao corpo de profesores técnicos de formación profesional, ao corpo de mestres e procedemento de adquisición de novas especialidades polo persoal funcionario de carreira dos corpos de profesores de ensino secundario, profesores de escolas oficiais de idiomas, profesores de música e artes escénicas, profesores técnicos de formación profesional e mestres da Comunidade Autónoma de Galicia (CÓDIGO DE PROCEDEMENTO ED001A).

## 1. MESTRES (INGRESO E ADQUISICIÓN DE NOVAS ESPECIALIDADES)

### 1.1 LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio. (LOE).
- Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro (LOMCE).
- Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Real Decreto 84/2018, do 23 de febreiro, polo que se modifica o Real Decreto 276/2007, do 23 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de ingreso, accesos e adquisición de novas especialidades nos corpos docentes a que se refire a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, e régúlase o réxime transitorio de ingreso a que se refire a disposición transitoria decimoséptima da citada lei.
- RD 276/2007 do 23 de febreiro.
- DECRETO 12/2019, do 7 de febreiro, polo que se aproba a oferta de emprego público correspondente a prazas de persoal funcionario dos corpos docentes que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019.

### 1.2 REQUISITOS

#### PARA O CORPO DE MESTRES

Entre os requisitos xerais está acreditar o coñecemento da lingua galega (Celga 4) e

estar en posesión ou ter superado os estudos conducentes para a súa obtención e ter satisfeitos os dereitos de expedición dalgún dos seguintes títulos:

- Título de mestre ou o título de grao correspondente.
- Título de profesor de educación xeral básica.
- Título de mestre de ensino primario.

### 1.3 ADQUISICIÓN DE NOVAS ESPECIALIDADES

A proba consistirá na exposición oral dun tema da especialidade á que se opta de entre tres extraídos ao chou polo tribunal. Disporá de dúas horas para a súa preparación podendo utilizar o material que considere oportuno. A exposición terá unha duración máxima dunha hora (para lingua estranxeira a exposición será nesa lingua). Os candidatos resultarán APTOS ou NON APTOS. De resultar APTOS serán HABILITADOS de oficio nesa nova especialidade.

### 1.4 RESTO DE OPOSITORES - FASE DE OPOSICIÓN

#### (60% DA NOTA)

- Cada unha das DÚAS probas desta fase terá carácter eliminatorio.
- Todas as probas da especialidade de INGLÉS E FRANCÉS se desenvolverán nese idioma.
- A letra pola que comezan os chamamentos é "Q".
- As dúas partes que integran a primeira proba (teoría/práctica) realizaranse no mesmo día.
- As dúas partes que integran a segunda proba (programación/unidade didáctica) realizaranse obrigatoriamente nunha mesma sesión.

### PRESENTACIÓN: IMPRESCINDIBLE A PRESENTACIÓN DO DNI

#### PRIMEIRA PROBA

- \* Comprobación dos coñecementos específicos da especialidade á que se opta.
- \* Consta de dúas partes:

**Parte A (Proba práctica):** Consistirá na realización dunha serie de exercicios prácticos axustados á especialidade á que opte. O tempo asignado para a realización desta proba será establecido polos tribunais.

**Parte B (Proba escrita):** Desenvolvemento por escrito dun tema do temario oficial elixido polo aspirante de entre TRES extraídos ao chou polo tribunal. Tempo asignado: dúas horas.

\* Ao realizarse a primeira e segunda parte da proba por escrito procederase a súa lectura conxunta e á cualificación de cada parte por separado.

\* Tanto a parte A coma a B cualificaranse de 0 a 10 ptos. A nota desta primeira proba será a suma das notas ponderadas de cada parte do seguinte xeito:

- Parte A: Multiplicarase por 0.6 a cualificación obtida (p.e.  $6 \times 0.6 = 3.6$ ).
- Parte B: Multiplicarase por 0.4 a cualificación obtida (p.e.  $5 \times 0.4 = 2.0$ ).

Superarase a primeira proba cando o aspirante acade en cada parte alomenos 2.5 ptos. dos dez posibles e obteña, unha vez sumadas as notas ponderadas, unha puntuación total igual ou superior a 5 puntos. ( $3.6 + 2 = 5.6$  ptos. aprobado).

**PRESENTACIÓN DE MÉRITOS:** Serán os tribunais os que farán esta baremación, pero só para os aspirantes que superasen a primeira proba (exporase nos taboleiros que persoal debe entregarlles esa documentación). Só se baremarán aqueles méritos perfeccionados e xustificadas ata a data de finalización do prazo de matrícula. Os aspirantes disporán de tres días hábiles para facer reclamacións perante o propio tribunal dende o día seguinte á publicación de dito baremo.

**SEGUNDA PROBA** (aptitude pedagóxica): O persoal aspirante que superou a 1ª proba realizará esta 2ª que constará de dúas partes:

\* **Parte A:** Presentación (no centro de exame) da programación didáctica/plan de apoio (PT e AL) no prazo que o tribunal estableza e publique no taboleiro de anuncios.

A programación didáctica fará referencia ao currículo dunha área relacionada coa especialidade pola cal se participa, e nela deberán especificarse, no caso de Educación Infantil, os obxectivos, contidos, criterios de avaliación e metodoloxía, así como a atención do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, e nas restantes especialidades os obxectivos, as competencias, os contidos, a metodoloxía didáctica, os estándares e resultados de aprendizaxe avaliados, os criterios de avaliación, así como a atención do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. Esta programación corresponderase cun curso escolar da etapa educativa en que o profesorado da especialidade teña atribuída competencia docente para impartilo, elixido pola persoa candidata, e deberá organizarse en unidades didácticas de tal maneira que cada unha delas se poida desenvolver completamente no tempo asignado para a súa exposición; en calquera caso, unha programación para un curso escolar deberá conter, como mínimo, 15 unidades didácticas que deberán estar enumeradas, e terá, sen incluír anexos, unha extensión máxima de 60 folios, formato DIN-A4, escritos a unha soa cara e dobre espazo interlineal, con letra tipo Arial, sen comprimir, tamaño de 12 puntos.

Na extensión máxima de 60 folios non se computará a portada nin a contraportada. Si se computará o índice.



Resultarán excluídos do procedemento selectivo aqueles aspirantes cuxa programación non se axuste ao establecido nos parágrafos anteriores. En ningún caso se poderán excluír as persoas aspirantes por deficiencias no contido da programación.

As programacións versarán sobre os currículos aprobados polo Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, para a especialidade de Educación Infantil o Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia e para Francés o Real Decreto 126/2014 de 28 de febreiro.

A programación deberá ser entregada ao tribunal polo persoal aspirante que supere a primeira proba no centro en que están actuando, no prazo que estableza o tribunal ao publicar as cualificacións da primeira proba.

No caso de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe, o plan de apoio para o alumnado con necesidades educativas específicas deberá conter, como mínimo, seis programas de intervención e basearse na normativa vixente e nas necesidades do alumnado, do centro e do contexto, e recollerá obxectivos, contidos, actividades, estratexias metodolóxicas, recursos materiais, humanos e organizativos, temporalización das accións, avaliación e propostas. Neste plan deberá prestarse especial relevancia á actuación do persoal aspirante como profesor de apoio.

O plan de apoio para o alumnado con necesidades educativas específicas que terá as mesmas características establecidas para a programación didáctica, deberá entregarse ao tribunal por aqueles que superen a primeira proba, no centro en que están actuando e no prazo que estableza o tribunal ao publicar as cualificacións daqueles que superaron a citada proba.

\* **Parte B:** Preparación e exposición oral dunha unidade didáctica/programa de intervención (PT e AL).

- O persoal aspirante disporá dunha hora para a preparación da unidade didáctica/programa de intervención, con todo o material do que dispoña (non poderá ter comunicación co exterior durante ese tempo).
- O aspirante, utilizando o material auxiliar que estime oportuno sempre que sexa aprobado polo tribunal, así como un guión que non excederá dunha páxina, disporá dun máximo dunha hora para a exposición: 1º defensa da programación didáctica/plan de apoio (máximo vinte minutos), 2º exposición da unidade didáctica/programa de intervención (máximo 30 minutos) e a continuación un debate que non poderá exceder de 10 minutos.

**\* Esta segunda proba valorase globalmente de 0 a 10 puntos debendo acadar unha puntuación mínima igual ou superior a 5 puntos.**

## **CUALIFICACIÓN DA FASE DE OPOSICIÓN**

A cualificación correspondente á fase de oposición será a media aritmética das puntuacións obtidas nas dúas probas que a integran cando ambas as dúas fosen superadas.

## **2. PROFESORES DE ENSINO SECUNDARIO (INGRESO, ACCESO E ADQUISICIÓN DE NOVAS ESPECIALIDADES), PROFESORES TÉCNICOS DE FORMACIÓN PROFESIONAL (INGRESO E ADQUISICIÓN DE NOVAS ESPECIALIDADES) PROFESORES DE ESCOLAS OFICIAIS DE IDIOMAS (INGRESO E ADQUISICIÓN DE NOVAS ESPECIALIDADES), PROFESORES DE MÚSICA E ARTES ESCÉNICAS (INGRESO E ADQUISICIÓN DE NOVAS ESPECIALIDADES)**

### **2.1 LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio (LOE).
- Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro (LOMCE).
- Para Secundaria: Decreto 86/2015, de 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e o bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Para Profesores Técnicos de FP: os currículos publicados no Diario Oficial de Galicia no momento da publicación da Orde de convocatoria de concurso-oposición, ou, de ser o caso, os aplicables na comunidade autónoma.
- Real Decreto 84/2018, do 23 de febreiro, polo que se modifica o Real Decreto 276/2007, do 23 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de ingreso, accesos e adquisición de novas especialidades nos corpos docentes a que se refire a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, e régúlase o réxime transitorio de ingreso a que se refire a disposición transitoria decimoséptima da citada lei.
- RD 276/2007 do 23 de febreiro.

### **2.2 REQUISITOS**

#### **PARA O CORPO DE PROFESORES DE ENSINO SECUNDARIO E ESCOLAS OFICIAIS DE IDIOMAS**

Para participar polo procedemento de ingreso libre, o persoal aspirante deberá:

- a) Estar en posesión de doutoramento, licenciatura, enxeñería, arquitectura ou título de grao correspondente ou outros títulos equivalentes para os efectos de docencia ou ter superado todos os estudos conducentes para a súa obtención e ter satisfeitos os dereitos de expedición del. De conformidade co establecido na dispo-



sición adicional única do Real decreto 276/2007, do 23 de febreiro, para ingreso no corpo de profesores de ensino secundario, nas especialidades de Tecnoloxía, Formación e Orientación Laboral, Organización e Procesos de Mantemento de Vehículos, Organización e Proxectos da Fabricación Mecánica, Procesos na Industria Alimentaria e Sistemas Electrónicos, serán admitidos os que, aínda carecendo da titulación esixida con carácter xeral, posúan unha das titulacións que se relacionan no anexo VII da presente orde.

b) Estar en posesión da formación pedagóxica e didáctica á que se refire o artigo 100.2º da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. Con carácter xeral, reunirán este requisitos os que estean en posesión do título oficial de máster universitario que habilite para o exercicio das profesións de profesor de ensinanza secundaria obrigatoria e bacharelato, formación profesional ou escolas oficiais de idiomas. A especialidade que conste no citado título, facultará para a presentación do persoal aspirante en calquera especialidade.

Estarán dispensados da posesión do citado título o persoal aspirante que acredite ter, con anterioridade ao 1 de outubro de 2009, algún dos seguintes requisitos:

- Estar en posesión do título profesional de especialización didáctica, do certificado de aptitude pedagóxica ou do certificado de cualificación pedagóxica.

- Estar en posesión do título de mestre, diplomado en profesorado de educación xeral básica, mestre de ensino primario, licenciado en pedagogía ou en psicopedagogía. Asemade, tamén estarán exentos os que estiveran cursando algunha das tres anteriores titulacións e tiveran cursado 180 créditos destas á citada data do 1 de outubro de 2009.

- Ter impartido docencia durante dous cursos académicos completos ou, no seu defecto, durante 12 meses exercidos en períodos continuos ou descontinuos, en centros públicos ou privados debidamente autorizados, nas ensinanzas de educación secundaria obrigatoria, ou de bacharelato, ou de formación profesional, conforme ao previsto na disposición transitoria cuarta do Real decreto 1834/2008, do 8 de novembro.

## **PARA O CORPO DE PROFESORES TÉCNICOS DE FORMACIÓN PROFESIONAL**

a) Estar en posesión de doutoramento, licenciatura, enxeñería, arquitectura ou título de grao correspondente, ou diplomatura universitaria, arquitectura técnica, enxeñería técnica ou título de grao correspondente ou outros títulos equivalentes para os efectos de docencia ou ter superado todos os estudos conducentes para a súa obtención e ter satisfeitos os dereitos de expedición del. De conformidade co establecido na disposición adicional única do Real decreto 276/2007, do 23 de febreiro, para ingreso no corpo de profesores técnicos de formación profesional, nas especialidades de Mantemento de Vehículos, Mecanizado e Mantemento de Máquinas e Peiteado serán admitidos os que, aínda carecendo da titulación esixida con carácter xeral, posúan unha das titulacións declaradas equivalentes para os efectos de docencia que se relacionan

no anexo VIII da presente orde. Así mesmo, o título de técnico superior ou de técnico especialista se declara equivalente aos esixidos para o ingreso ao corpo de profesores técnicos de formación profesional, cando a persoa titulada exercera como persoal interino en centros públicos da Comunidade Autónoma de Galicia, na especialidade docente á que pretenda acceder e durante un período mínimo de dous anos antes do 31 de agosto de 2007. De conformidade coa disposición adicional única.6 do Real decreto 276/2007, do 23 de febreiro, ao non levarse a cabo catro convocatorias ás que se refería a disposición transitoria segunda do Real decreto 777/1998, do 30 de abril, na redacción dada polo Real decreto 334/2004, do 27 de febreiro, na especialidade de Peiteado poderán ser admitidos aqueles aspirantes que, aínda carecendo da titulación exixida con carácter xeral, acrediten experiencia docente de, polo menos, dous anos en centros educativos dependentes da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e estean en posesión das titulacións de Técnico especialista ou Técnico superior nunha especialidade de formación profesional que pertenza á familia profesional correspondente.

b) Estar en posesión da formación pedagóxica e didáctica á que se refire o artigo 100.2º da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. Con carácter xeral, reunirán este requisitos os que estean en posesión do título oficial de máster universitario que habilite para o exercicio das profesións de profesor de ensinanza secundaria obrigatoria e bacharelato, formación profesional ou escolas oficiais de idiomas. A especialidade que conste no citado título, facultará para a presentación do persoal aspirante en calquera especialidade. Nas especialidades de Mantemento de Vehículos, Mecanizado e Mantemento de Máquinas e Peiteado, aquelas persoas que por razóns da súa titulación non poidan acceder aos estudos de máster ao que se refire o Real decreto 1834/2008, do 8 de novembro, deberán acreditar a formación equivalente á formación pedagóxica e didáctica regulada pola Orde EDU/2645/2011, do 23 de setembro, modificada pola Orde ECD/1058/2013, do 7 de xuño.

Estarán dispensados da posesión do citado título ou, cando sexa o caso, da formación equivalente ao máster de formación pedagóxica e didáctica, o persoal aspirante que acredite ter, con anterioridade ao 1 de outubro de 2009, algún dos seguintes requisitos:

- Estar en posesión do título profesional de especialización didáctica, do certificado de aptitude pedagóxica ou do certificado de cualificación pedagóxica.

- Estar en posesión do título de mestre, diplomado en profesorado de educación xeral básica, mestre de ensino primario, licenciado en pedagogía ou en psicopedagogía. Asemade, tamén estarán exentos os que estiveran cursando algunha das tres anteriores titulacións e tiveran cursado 180 créditos destas á citada data do 1 de outubro de 2009.

- Ter impartido docencia durante dous cursos académicos completos ou, no seu defecto, durante 12 meses exercidos en períodos continuos ou descontínuos, en centros públicos ou privados debidamente autorizados, nas ensinanzas de educación secundaria obrigatoria, ou de bacharelato, ou de formación profesional, conforme ao previsto na disposición transitoria cuarta do Real decreto 1834/2008, do

8 de novembro. Ademais, nas especialidades de Mantemento de vehículos, Mecanizado e mantemento de máquinas e Peiteado estarán dispensados da posesión do citado título aquelas persoas que, con anterioridade ao 1 de setembro de 2014, teñan impartido docencia durante dous cursos académicos completos ou, no seu defecto, durante 12 meses exercidos en períodos continuos ou descontínuos, en centros públicos ou privados de ensinanza regrada debidamente autorizados, nas ensinanzas de formación profesional.

## **PARA O CORPO DE PROFESORES DE MÚSICA E ARTES ESCÉNICAS**

Posuír o título de doutoramento, licenciatura, enxeñería, arquitectura ou título de grao correspondente ou outros títulos equivalentes para os efectos de docencia ou ter superado todos os estudos conducentes para a súa obtención e ter satisfeitos os dereitos de expedición del.

De conformidade coa disposición adicional única do Real decreto 276/2007, do 23 de febreiro, para ingreso no corpo de profesores de música e artes escénicas decláranse equivalentes a efectos de docencia as titulacións que se relacionan no anexo IX da presente orde.

De acordo co que se establece na disposición transitoria primeira do citado Real decreto 276/2007, ata que se regule para cada ensinanza a formación pedagóxica e didáctica establecida no artigo 100.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, non se esixe esta formación aos aspirantes ao ingreso neste corpo.

### **2.3 ADQUISICIÓN DE NOVAS ESPECIALIDADES**

A proba consistirá na exposición oral dun tema da especialidade á que se opta de entre cinco (entre catro no corpo de profesores de música e artes escénicas) extraídos ao chou polo tribunal. Disporá de dúas horas para a súa preparación podendo utilizar o material que considere oportuno. A exposición terá unha duración máxima dunha hora (para lingua estranxeira a exposición será nesa lingua). Nas especialidades específicas de formación profesional, agás Formación e Orientación Laboral, e nas especialidades do corpo de profesores de música e artes escénicas, a proba constará ademais dunha parte práctica. As características da parte práctica serán as establecidas no anexo V da presente convocatoria e levarase a cabo o mesmo día e a mesma hora que o persoal aspirante que se presente polo sistema de ingreso. A valoración da parte práctica da proba será conxunta coa outra parte da proba, a exposición oral.

Os candidatos resultarán APTOS ou NON APTOS. Unha vez verificado polo órgano convocante que a persoa aspirante que obtivo a cualificación de apto reúne os requisitos esixidos, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria publicará no DOG a orde pola que se decláran aptos ao persoal aspirante, coa indicación da nova especialidade adquirida.

## **2.4 FASE DE OPOSICIÓN NO PROCEDEMENTO SELECTIVO DE ACCESO A CORPO DE GRUPO SUPERIOR**

### **REQUISITOS ESPECÍFICOS:**

a) Estar en posesión da titulación que para o ingreso no corpo se esixe no punto 2.3.1.a) desta convocatoria.

b) Ter prestado, ao remate do prazo de presentación de solicitudes, servizos no seu corpo de orixe durante un mínimo de seis anos como funcionario.

A proba consistirá na exposición ante o tribunal dun tema da especialidade á que se opte, elixido polo aspirante entre oito, extraídos ao chou polo tribunal, dos correspondentes ao temario do corpo e especialidade aos que se presentan. No caso de que haxa concordancia entre a titulación académica coa que se opta e a especialidade á que aspira, o tema será elixido de entre nove extraídos ao chou polo tribunal. Enténdese que hai concordancia para cada especialidade cando se posúa unha das titulacións. O persoal aspirante disporá de dúas horas e trinta minutos para a súa preparación, e poderá utilizar o material que considere oportuno. A exposición terá unha duración máxima dunha hora, e nesta atenderase tanto aos coñecementos sobre a materia como aos recursos didácticos e pedagóxicos que se vaian empregar. Nesta exposición, o persoal aspirante, poderá utilizar un guión dunha extensión máxima dunha páxina que deberá ser entregado ao tribunal cando remate esta. Para as especialidades de Administración de Empresas, Informática, Organización e Procesos de Mantemento de Vehículos, Organización e Proxectos de Fabricación Mecánica, Procesos na Industria Alimentaria e Sistemas Electrónicos, a proba estará dividida en dúas partes, unha de contido práctico e outra consistente na exposición oral dun tema coas mesmas características especificadas no paragrafo anterior. As características da parte práctica da proba serán as establecidas no anexo V da presente convocatoria e levarase a cabo o mesmo día e a mesma hora que o persoal aspirante que se presenten polo sistema de ingreso. A valoración da parte práctica da proba será conxunta coa outra parte da proba, a exposición oral.

Quedarán exentos de realizar esta parte práctica da proba o persoal aspirante que pertencen ao Corpo de profesores técnicos de formación profesional dunha especialidade da mesma familia profesional para a que principalmente teñan atribuída a competencia docente os especialistas de Administración de Empresas, Informática, Organización e Procesos de Mantemento de Vehículos, Organización e Proxectos de Fabricación Mecánica, Procesos na Industria Alimentaria e Sistemas Electrónicos, segundo proceda.

A proba valorarase de cero a dez puntos e o persoal aspirante deberá obter, polo menos, cinco puntos para superala. Para a súa superación atenderase tanto aos coñecementos sobre a materia, como aos recursos didácticos e pedagóxicos do persoal aspirante.

## 2.5 RESTO DE OPOSITORES - INGRESO NO CORPO DE PROFESORES DE ENSINO SECUNDARIO, PROFESORES DE ESCOLAS OFICIAIS DE IDIOMAS, PROFESORES DE MÚSICA E ARTES ESCÉNICAS, E NO CORPO DE PROFESORES TÉCNICOS DE FORMACIÓN PROFESIONAL

(60% DA PUNTUACIÓN FINAL)

Nesta fase valorarase a posesión dos coñecementos específicos, científicos e técnicos da especialidade docente á que opta o persoal aspirante, así como a aptitude pedagóxica e o dominio das técnicas necesarias para o exercicio docente.

De conformidade co establecido no artigo 20.2 do Real decreto 276/2007, do 23 de febreiro, o persoal aspirante á especialidade de inglés/francés deberá desenvolver as probas neste idioma.

As dúas partes que integran a primeira proba poderán realizarse no mesmo día. As dúas partes que integran a segunda proba realizaranse nunha mesma sesión.

**PRIMEIRA PROBA.** Esta proba terá por obxecto a demostración dos coñecementos específicos da especialidade docente á que se opta, e constará de dúas partes que serán valoradas conxuntamente:

**Parte A:** Incluirá unha proba práctica consistente na realización dunha serie de exercicios que poderán ser por escrito que se axustará, para cada especialidade, ao disposto no anexo V desta orde, e que permitirá comprobar que o persoal aspirante posúe a formación científica e o dominio das habilidades técnicas correspondentes á especialidade á que se opte. O tempo asignado para a realización desta proba será establecido polos tribunais.

**Parte B:** Consistirá no desenvolvemento por escrito dun tema elixido polo persoal aspirante de entre o número de temas que a continuación se relacionan, dos temarios que compoñen o temario oficial de cada especialidade, extraídos ao chou polo tribunal:

-Corpos de profesores de ensino secundario, profesores de escolas oficiais de idiomas e profesores técnicos de formación profesional:deberá elixirse entre cinco temas.

-Corpo de profesores de música e artes escénicas: deberá elixirse entre catro temas.

O persoal aspirante disporá de dúas horas para a realización desta parte da primeira proba.

Ao efectuarse a primeira e segunda parte da proba por escrito procederase a súa lectura conxunta e a cualificación de cada parte realizarase por separado.

Cualificación da primeira proba A primeira parte e a segunda parte da proba cualifícaranse de 0 a 10 puntos, ponderándose do seguinte xeito:

Parte A: A cualificación ponderada desta parte calcularase multiplicando por 0,6 a cualificación obtida.

Parte B: A cualificación ponderada desta parte calcularase multiplicando por 0.4 a cualificación obtida. Para superar esta proba o persoal aspirante deberá obter unha puntuación de polo menos o 25 por 100 do valor de cada unha das partes da proba e unha puntuación total, resultado de sumar as puntuacións ponderadas correspondentes ás dúas partes, igual ou superior a 5 puntos. Finalizada esta proba, os tribunais exporán no taboleiro de anuncios do local onde se realizou e no enderezo electrónico <http://www.edu.xunta.es/oposicions> as puntuacións obtidas polos aspirantes que a superaron.

**SEGUNDA PROBA.** O persoal aspirante que superou a primeira proba realizará esta segunda proba que terá por obxecto a comprobación da aptitude pedagóxica do persoal aspirante e do seu dominio das técnicas necesarias para o exercicio docente. A proba componse de dúas partes:

**Parte A:** Presentación e defensa dunha programación didáctica. A programación didáctica fará referencia ao currículo dunha materia ou módulo relacionado coa especialidade por que se participa, na cal deberán especificarse os obxectivos, as competencias, os contidos, a metodoloxía didáctica, os estándares e resultados de aprendizaxe avaliábeis, os criterios de avaliación, así como a atención do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. Esta programación corresponderase cun curso escolar dun dos niveis ou etapas educativas en que o profesorado da especialidade teña atribuída competencia docente para impartilo, elixido pola persoa candidata, e deberá organizarse en unidades didácticas de tal maneira que cada unha delas se poida desenvolver completamente no tempo asignado para a súa exposición; en calquera caso, unha programación para un curso escolar deberá conter, como mínimo, 15 unidades didácticas que deberán estar enumeradas, e terá, sen incluír anexos, unha extensión máxima de 60 folios, formato DIN-A4, escritos a unha soa cara e dobre espazo interlineal, con letra tipo arial, sen comprimir, tamaño de 12 puntos. No caso das especialidades propias da formación profesional, a programación axustarase ao modelo establecido no anexo XIII da Orde do 12 de xullo de 2011, pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanza de formación profesional inicial, e deberá conter un mínimo de 4 unidades didácticas. Na extensión máxima de 60 folios non se computará a portada nin a contraportada. Si se computará o índice. Resultarán excluídos do procedemento selectivo aqueles aspirantes cuxa programación non se axuste ao establecido nos parágrafos anteriores. En ningún caso poderá excluírse as persoas aspirantes por deficiencias no contido da programación.

As programacións versarán sobre os seguintes currículos: No caso das especialidades con competencia docente na educación secundaria obrigatoria e no bacharelato: Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia. No caso das especialidades específicas de formación profesional, os publicados no Diario Oficial de Galicia no momento da publicación desta orde ou, de ser o caso, os aplicables na comunidade autónoma. No caso da especialidade de inglés do corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas: Decreto 81/2018, do 19 de xullo, polo que

se establece o currículo dos niveis básico A1, básico A2, intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 das ensinanzas de idiomas de réxime especial na Comunidade Autónoma de Galicia.

No caso das especialidades correspondentes ao corpo de profesores de música e artes escénicas: Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música. A programación deberá entregarse ao tribunal polo persoal aspirante que supere a primeira proba no centro no que están actuando, no prazo que estableza o tribunal ao publicar as cualificacións da primeira proba.

**Parte B.** Preparación e exposición oral dunha unidade didáctica ante o tribunal. A parte B da proba consistirá na preparación e exposición oral dunha unidade didáctica. A preparación e exposición oral, ante o tribunal, dunha unidade didáctica poderá estar relacionada coa programación presentada polo aspirante ou elaborada a partir do temario oficial da especialidade. No primeiro caso, o aspirante elixirá o contido da unidade didáctica de entre tres extraídas ao chou por el mesmo, da súa programación. No segundo caso, o aspirante elixirá o contido dunha unidade didáctica dun tema de entre tres extraídos ao chou por el mesmo, do temario oficial da especialidade. Na elaboración da citade unidade didáctica deberán concretarse os obxectivos de aprendizaxe que persequen con ela, os seus contidos, as actividades de ensinanza e aprendizaxe que se van a formular na aula e os seus procedementos de avaliación. O persoal aspirante disporá dunha hora para a preparación da unidade didáctica, e poderá utilizar o material que considere oportuno, sen posibilidade de conexión co exterior, polo que o material que vaia a utilizar non poderá ser susceptible de dita conexión (ordenadores portátiles, teléfonos móbiles, etc.) Para a exposición, o persoal aspirante poderá utilizar o material auxiliar que considere oportuno e que deberá aportar el mesmo, sempre que sexa aprobado polo tribunal, así como un guión que non excederá dun folio e que se entregará ao tribunal ao final da mesma. O persoal aspirante disporá dun tempo máximo dunha hora para a defensa oral da programación, a exposición da unidade didáctica e posterior debate ante o tribunal. O persoal aspirante iniciará a súa exposición coa defensa da programación didáctica presentada, que non poderá exceder de vinte minutos, e a continuación realizará a exposición da unidade didáctica, que non excederá de trinta minutos. A duración do debate, se é o caso, non poderá exceder de dez minutos.

**CUALIFICACIÓN DA SEGUNDA PROBA.** Esta segunda proba valorarase globalmente de cero a dez puntos debendo alcanzar o persoal aspirante, para a súa superación, unha puntuación igual ou superior a cinco puntos.

**CUALIFICACIÓN DA FASE DE OPOSICIÓN.** A cualificación correspondente a esta fase de oposición será a media aritmética das puntuacións obtidas nas dúas probas que integran a mesma cando ambas fosen superadas.



### 3. PUNTUACIÓN FINAL

Seleccionados para os diferentes corpos pola quenda libre e quenda de reserva de persoas con discapacidade. Obtida a cualificación da fase de oposición, os tribunais avaliarán definitivamente a fase de concurso do persoal aspirante que superou a fase de oposición, resultando seleccionados para pasaren á fase de prácticas aqueles aspirantes que, unha vez ordenados segundo a puntuación global da fase de oposición e concurso, teñan un número de orde igual ou menor que o número total de prazas asignadas ao tribunal.

De conformidade co establecido nos artigos 25 e 47 do Real decreto 276/2007, do 23 de febreiro, modificado polo Real Decreto 84/2018, do 23 de febreiro, a ponderación das puntuacións das fases de oposición e concurso para formar a puntuación global será do 60% da fase de oposición e un 40% da fase de concurso. As prazas que puideran quedar vacantes nalgún tribunal serán asignadas pola Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos á persoa que superou a fase de oposición e que teña maior puntuación na fase de concurso-oposición, unha vez efectuadas as ponderacións pertinentes, do tribunal da mesma especialidade que proceda segundo o sistema de distribución de prazas establecido na base 1.6 desta convocatoria.

#### **PRESENTACIÓN DE MÉRITOS ANTE O TRIBUNAL DO PERSOAL ASPIRANTE.**

Nesta fase, que en ningún caso terá carácter eliminatorio, valoraranse os méritos que concorran no persoal aspirante ata finalizar o prazo de presentación de solicitudes sinalado no punto 7 da base terceira, conforme o baremo que se inclúe como anexo II e III desta convocatoria, segundo o corpo de ingreso que se trate ou acceso ao corpo de profesores de ensino secundario. A alegación dos méritos deberá efectuarse a través da páxina web da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, no seguinte enderezo <http://www.edu.xunta.es/oposicions> debendo imprimirse o documento que relaciona os méritos. A documentación acreditativa dos méritos alegados, na forma que se establece no anexo II e III desta orde, xunto co documento que os relaciona, só deberá presentala ante o propio tribunal o persoal o persoal aspirante a ingresar nos corpos de profesores de ensino secundario, profesores de escolas oficiais de idiomas, profesores de música e artes escénicas, profesores técnicos de formación profesional e mestres que supere a primeira proba- o persoal aspirante a acceder ao corpo de profesores de ensino secundario que supere a proba no prazo que estableza o propio tribunal ao publicar no taboleiro de anuncios da sede de actuación, a resolución que faga pública a relación do persoal aspirante que superou a primeira proba. No caso do persoal aspirante a acceder ao corpo de profesores de ensino secundario pola quenda de promoción do subgrupo A2 ao subgrupo A1 relacionará todos os méritos que alegue debendo acreditar documentalmente unicamente aqueles méritos que non consten na base de datos de profesorado. Independentemente da data de presentación ante o tribunal da citada documentación, todos os méritos alegados deben posuírse con anterioridade a data de final do prazo de presentación de solicitudes. A documentación acreditativa dos méritos de cada aspirante quedará baixo a custodia da presidencia do tribunal, que a entregará á Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, unha vez finalizado o procedemento selectivo, xunto co expediente admi-

nistrativo. 11.3.2. Puntuación provisional da fase de concurso e prazo de reclamacións. A valoración dos méritos realizaraa o tribunal tendo en conta o disposto no anexo II e III o corpo de ingreso ou acceso. A puntuación provisional da fase de concurso, por epígrafes, publicárase no taboleiro de anuncios da sede de actuación do tribunal e, para os efectos informativos, na páxina web da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, no enderezo electrónico <http://www.edu.xunta.es/oposicions>. Contra ela poderá presentarse reclamación perante o propio tribunal, mediante escrito dirixido ao tribunal, no prazo de tres días hábiles contados desde o día seguinte ao da súa publicación.

Puntuación definitiva Resoltas as reclamacións contra a resolución provisional, o tribunal fará pública a puntuación definitiva da fase de concurso no taboleiro de anuncios da sede de actuación e no enderezo electrónico <http://www.edu.xunta.es/oposicions>. Soamente é preceptivo publicar a puntuación definitiva da fase de concurso do persoal aspirante que supere a fase de oposición.

Recurso de alzada Contra a resolución que fará pública as puntuacións definitivas da fase de concurso poderase formular recurso de alzada, no prazo dun mes, ante o director xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.



**BAREMO****BAREMO PARA A VALORACIÓN DE MÉRITOS: SISTEMA XERAL DE INGRESO**

I. Experiencia docente previa: Máximo 7 puntos.		
1.1. Por cada ano de experiencia docente en especialidades do corpo ao que opta a persoa aspirante, en centros públicos dependentes das administracións educativas.	0,700 puntos	Folla de servizos certificada pola Subdirección Xeral de Recursos Humanos, ou no seu defecto certificación do secretario ou secretaria do centro co visto e prace da dirección, na que debe constar a data de toma de posesión e cesamento na especialidade, así como os documentos xustificativos do nomeamento ou copia deles na que conste a data de toma de posesión e do cesamento e a especialidade.
1.2. Por cada ano de experiencia docente en especialidades de distintos corpos aos que opta a persoa aspirante, en centros públicos dependentes de administracións educativas.	0,350 puntos	Folla de servizos certificada pola Subdirección Xeral de Recursos Humanos, ou no seu defecto certificación do secretario ou secretaria do centro co visto e prace da dirección, na que debe constar a data de toma de posesión e cesamento e a especialidade así como os documentos xustificativos do nomeamento ou copia deles, na que conste a data de toma de posesión e do cesamento e a especialidade.
1.3. Por cada ano de experiencia docente en especialidades do mesmo nivel ou etapa educativa que o impartido no corpo ao que opta a persoa aspirante, noutros centros.	0,150 puntos	Certificación da dirección do centro co visto e prace do Servizo de Inspección Técnica, na que conste a data de toma de posesión e cesamento, área ou materia impartida e nivel educativo ou etapa educativa ou copia dos contratos de traballo xunto coa certificación da vida laboral.
1.4. Por cada ano de experiencia docente en especialidades de distinto nivel ou etapa educativa que o impartido no corpo ao que opta a persoa aspirante, noutros centros.	0,100 puntos	Certificación da dirección do centro co visto e prace do Servizo de Inspección Técnica, na que conste data de toma de posesión e cesamento, área ou materia impartida e nivel ou etapa educativa ou copia dos contratos de traballo xunto coa certificación da vida laboral.
<p>Enténdese por centros públicos os centros aos que se refire o Capítulo II do Título IV da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, integrados na rede pública de centros creados e sostidos polas Administracións educativas.</p> <p>Para os efectos deste epígrafe terase en conta un máximo de dez anos, cada un dos cales deberá ser avaliado nun solo das subepígrafes anteriores.</p> <p>Non será necesario xustificar os méritos das subepígrafes 1.1 e 1.2 cando os servizos fosen prestados en centros públicos dependentes da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.</p>		

II. Formación académica: Máximo 5 puntos.		
2.1. Expediente académico no título alegado, sempre que o título alegado se corresponda co nivel de titulación esixido con carácter xeral para ingreso no corpo (Doutoramento, Licenciatura, Enxeñería ou Arquitectura, para corpos docentes do subgrupo A1, ou Diplomatura Universitaria, Enxeñería Técnica ou Arquitectura Técnica para corpos docentes do subgrupo A2); valorarase exclusivamente a nota media do expediente académico, do modo que a continuación se indica:		
Escala de 0 a 10 puntos: Desde 6,00 ata 7,50 Desde 7,51 ata 10	Puntos 1,000 1,500	Certificación académica persoal orixinal ou copia, na que consten as puntuacións obtidas en todas as disciplinas e cursos esixidos para a obtención do título alegado, con indicación expresa da nota media.
Escala en créditos, de 1 a 4 Desde 1,50 a 2,25 Desde 2,26 a 4	Puntos 1,000 1,500	
2.2. Postgraos, Doutoramento e premios extraordinarios:		
2.2.1. Polo Certificado-Diploma acreditativo de estudos avanzados ou Título Oficial de Máster (Real Decreto 1393/2007, do 29 de outubro, BOE do 30), Suficiencia investigadora ou calquera outro título equivalente sempre que non sexan requisito para o ingreso na función pública docente:	1,000 punto	Certificación académica ou copia do título ou, se é o caso, do pagamento dos dereitos de expedición, conforme ao Real decreto 1002/2010 do 5 de agosto (BOE do 6 de agosto).
2.2.2. Por posuír o título de Doutoramento:	1,000 punto	Certificación académica ou copia do título de doutoramento ou, se é o caso, do pagamento dos dereitos de expedición, conforme ao Real decreto 1002/2010 do 5 de agosto (BOE do 6 de agosto).
2.2.3. Por obter premio extraordinario no doutoramento:	0,500 puntos	Documento xustificativo
2.3. Outras titulacións universitarias: As titulacións universitarias de carácter oficial, no caso de que non fosen as alegadas como requisito para o ingreso na función pública docente, valoraranse da forma seguinte:		
2.3.1. Titulacións de primeiro ciclo:  Por cada Diplomatura, Enxeñería Técnica, Arquitectura Técnica ou títulos declarados legalmente equivalentes e polos estudos correspondentes ao primeiro ciclo dunha Licenciatura, Arquitectura ou Enxeñería:	1,000 punto	Certificación académica ou copia do título alegado para o ingreso no corpo, así como de cantos presente como mérito ou, se é o caso, certificación do pagamento dos dereitos de expedición conforme ao Real decreto 1002/2010 do 5 de agosto (BOE do 6 de agosto). No caso de estudos correspondentes ao primeiro ciclo, certificación académica na que se acredite a súa superación.

No caso de persoas aspirantes a corpos de persoal funcionario docente Grupo A2, non se valorarán por este epígrafe, en ningún caso, o primeiro título ou estudos desta natureza que presente a persoa aspirante.

No caso de persoas aspirantes a corpos de persoal funcionario docente Grupo A1, non se valorarán por este epígrafe, en ningún caso, o título ou estudos desta natureza que foran necesarios superar para a obtención do primeiro título de Licenciatura, Enxeñería ou Arquitectura que presente a persoa aspirante.

2.3.2. Titulacións de segundo ciclo: Polos estudos correspondentes ao segundo ciclo de Licenciaturas, Enxeñarías, Arquitecturas ou títulos declarados legalmente equivalentes:	1,000 punto	Certificación académica ou copia do título alegado para o ingreso no corpo, así como de cantos presente como mérito ou, se é o caso, certificación do pagamento dos dereitos de expedición conforme ao Real decreto 1002/2010 do 5 de agosto (BOE do 6 de agosto). No caso de estudos correspondentes ao segundo ciclo, certificación académica na que se acredite a súa superación.
---	-------------	--

No caso de persoas aspirantes a corpos de persoal funcionario docente Grupo A1, non se valorarán por este epígrafe, en ningún caso, os estudos que foran necesarios superar (primeiro ciclo, segundo ciclo ou, no seu caso, ensinanzas complementarias), para a obtención do primeiro título de Licenciatura, Enxeñería ou Arquitectura que presente a persoa aspirante.

Valorarase neste apartado posuír o título de Grao.

#### 2.4. Titulacións de ensinanzas de réxime especial e da formación profesional específica:

a) Por cada título Profesional de Música ou Danza:	0,500 puntos	Certificación académica ou copia do título alegado para ingreso no corpo, así como de cantos presente como mérito ou, se é o caso, certificación do pagamento dos dereitos de expedición conforme ao Real decreto 1002/2010 do 5 de agosto (BOE do 6 de agosto).
b) Por cada Certificado de nivel avanzado ou equivalente de Escolas Oficiais de Idiomas:	0,500 puntos	
c) Por cada Título de Técnico Superior de Artes Plásticas e Deseño:	0,200 puntos	
d) Por cada Título de Técnico Superior de Formación Profesional	0,200 puntos	
e) Por cada Título de Técnico Deportivo Superior:	0,200 puntos	

<b>III. Outros méritos: Máximo 2 puntos.</b>		
<b>3.1. Dominio de linguas estranxeiras.</b>		
<b>3.1.1 Nivel C2</b> Por cada certificado oficial de recoñecemento dunha lingua estranxeira, que acrediten un nivel de coñecemento de idiomas, expedidos por centros oficiais, segundo a clasificación do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (MCER)	1,2 puntos	Copia do título correspondente co certificado de acreditación dunha lingua estranxeira clasificado polo Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (MCER)
<b>3.1.2. Nivel C1</b> Por cada certificado oficial de recoñecemento dunha lingua estranxeira, que acrediten un nivel de coñecemento de idiomas, expedidos por centros oficiais, segundo a clasificación do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (MCER)	1 punto	
<b>3.1.3.</b> Por cada título estranxeiro do nivel equivalente ao nivel B2 (Nivel avanzado), sempre que non se acreditara o título equivalente da Escola Oficial de Idiomas do apartado 2.4.b) no mesmo idioma.	0,50 puntos por cada título	
<b>3.2.</b> Por actividades superadas que teñan por obxecto o perfeccionamento sobre aspectos científicos e didácticos das especialidades do corpo polo que se presente, ou coas tecnoloxías aplicadas á educación, organizadas pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional ou os órganos correspondentes doutras comunidades autónomas ou o Ministerio de Educación y Formación Profesional por institución sen ánimo de lucro sempre que as devanditas actividades fosen homologadas ou recoñecidas polas administracións educativas, así como as organizadas polas universidades.  Puntuaranse con 0,1 puntos por cada 10 horas de actividades de formación acreditadas. Para estes efectos sumaranse as horas de todas as actividades e non se puntuarán o resto do número de horas inferiores a 10. Cando as actividades estean expresadas en créditos entenderase que cada crédito equivale a 10 horas.		Copia do certificado destas expedido pola entidade organizadora en que conste de modo expreso o número de horas de duración da actividade. No caso das organizadas polas institucións sen ánimo de lucro deberase ademais acreditar dun xeito fidedigno o recoñecemento ou homologación das devanditas actividades pola Administración educativa correspondente ou certificado de inscrición no rexistro de formación da Administración educativa

<p>3.3. Pola impartición das actividades de formación e perfeccionamento indicadas na subepígrafe 3.2.</p> <p>Puntuarase con 0,1 puntos por cada 5 horas. Con esta finalidade sumaranse as horas de todas as actividades e non se puntuará o resto de horas inferiores a 5. Cando as actividades veñan expresadas en créditos entenderase que cada crédito equivale a 10 horas.</p>		
<p>3.4. Méritos artísticos. Exclusivamente para o corpo de profesores de música e artes escénicas.</p>	<p>Ata un máximo de 2 puntos</p>	
<p>3.4.1. Por cada premio como instrumentista, director/a musical ou compositor/a de ámbito internacional.</p>	<p>0,200/ premio</p>	<p>Copia do premio, con indicación expresa da institución convocante do certame.</p>
<p>3.4.2. Por cada premio como instrumentista, director/a musical ou compositor/a de ámbito nacional ou autonómico.</p>	<p>0,100 puntos</p>	<p>Copia do premio, con indicación expresa da institución convocante do certame.</p>
<p>3.4.3. Por concertos como solista musical na especialidade á que se opta.</p>	<p>0,200 puntos por concerto</p>	<p>Certificación da vida laboral da Seguridade Social e certificación da entidade organizadora do concerto. Nos supostos en que a entidade organizadora desaparecese, a realización do concerto poderá xustificarse por calquera medio de proba admisible en dereito.</p>
<p>3.4.4. Por concertos como músico/a de cámara, en formación de dúo, trio, cuarteto ou máis instrumentistas, na especialidade á que se opta.</p>	<p>0,100 puntos por concerto</p>	<p>Certificación da vida laboral da Seguridade Social e certificación da entidade organizadora do concerto. Nos supostos nos que a entidade organizadora desaparecese, a realización do concerto poderá xustificarse por calquera medio de proba admisible en dereito.</p>



<p>3.4.5. Por instrumentista ou intérprete de orquestras, coros ou bandas profesionais na especialidade a que se opta.</p>	<p>0,0100 puntos por concerto</p>	<p>Certificación da vida laboral da Seguridade Social e certificación da entidade responsable. Nos supostos en que a entidade responsable desaparecese, a realización do concerto poderá xustificarse por calquera medio de proba admisible en dereito.</p> <p>No suposto de instrumentistas que teñan un contrato estable cunha orquestra profesional, a cuantificación desta subepígrafe farase por anos completos, cunha puntuación de 0,3 puntos por ano.</p>
<p>3.4.6. Por cada composición musical orixinal, exenta e editada para un instrumento solista ou grupo instrumental, ou para a orquestra, con ou sen solistas</p>	<p>0,200 puntos</p>	<p>Os exemplares correspondentes ou copias. As publicacións que non consignen o ISBN, ISSN, ISMN ou depósito legal non serán valoradas, así como aquelas nas que o/a autor/a sexa o/a seu/súa editor/a.</p>
<p>3.4.7. Por cada gravación como solista musical, como músico de cámara, en formación de dúo, trío, cuarteto ou máis instrumentistas, ou como instrumentista de orquestras, coros ou bandas profesionais, na especialidade á que se opta</p>	<p>0,200 puntos</p>	<p>Copia do texto do CD onde conste o programa, os/as intérpretes, o selo discográfico e o código de rexistro.</p>

## ACLARACIÓNS

**Primeira:** Únicamente serán baremados aqueles méritos perfeccionados e xustificadas ata a data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

**Segunda.** Para os efectos do punto 1 non se poderán acumular as puntuacións cando os servizos fosen prestados simultaneamente en máis dun centro docente e considerárase que educación infantil e educación primaria son a mesma etapa educativa. Os servizos prestados como persoal laboral docente de Relixión baremaranse no apartado 1.1 ,1.2, 1.3, 1.4 segundo o corpo no que preste servizos. Os servizos prestados como mestre en garderías, no primeiro ciclo de educación infantil, barémaranse no apartado 1.3 ou 1.4 a partir do curso académico 2008-2009. Os servizos prestados no estranxeiro acreditaranse mediante certificados expedidos polos ministerios de Educación dos respectivos países ou autoridades públicas competentes, no que deberán cons-

tar o tempo de prestación de servizos e o carácter de centro público ou privado, o nivel educativo e a materia impartida. Cando non se acredite o nivel educativo ou este non coincida co da convocatoria entenderanse como servizos prestados en diferente nivel educativo. Os ditos certificados deberán presentarse traducidos ao castelán ou galego.

**Terceira.** Nas seguintes epígrafes, por cada mes súmanse as seguintes puntuacións: na epígrafe 1.1, 0,059 puntos; na epígrafe 1.2, 0,030 puntos; na epígrafe 1.3, 0,013 puntos; na epígrafe 1.4, 0,009 puntos.

**Cuarta.** A experiencia docente na universidade baremarase polo apartado 1.4.

**Quinta.** A nota media da certificación académica persoal deberá estar calculada conforme ao disposto no Real decreto 1125/2003 do 5 de setembro (BOE núm. 224, do 18 de setembro). No caso de que non se remita a certificación académica persoal e, no seu defecto, se presente copia do título ou da certificación do aboamento dos dereitos de expedición, conforme ao Real decreto 1002/2010 do 5 de agosto (BOE núm. 190, do 6 de agosto), considerarase que o aspirante obtivo a nota media de aprobado. Para os efectos de valoración do expediente académico do título alegado, os aspirantes que obteñan o título no estranxeiro presentarán certificación expedida pola Administración educativa do país en que obtivo o título que indique a nota media deducida das cualificacións obtidas en toda a carreira e exprese, ademais, a cualificación máxima e mínima que se poden obter, de acordo co sistema académico correspondente, para os efectos de determinar a súa equivalencia coas cualificacións españolas. Non se valorará a nota media do expediente académico das titulacións declaradas equivalentes para os efectos de docencia.

**Sexta.** En ningún caso serán valorados aqueles cursos que teñan como finalidade a obtención dun título académico.

**Sétima.** Non se valorará o curso de aptitude pedagóxica ou o máster que habilita para o exercicio das profesións de profesor de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, formación profesional e ensinanza de idiomas.

**Oitava.** De conformidade co artigo 6 da Orde do 11 de novembro de 1998, as equivalencias entre distintos cursos e probas de lingua galega terán a mesma consideración legal que os cursos presenciais de iniciación e perfeccionamento.

**Novena.** Nas certificacións dos cursos organizados polas universidades deberán figurar a sinatura do seu reitor ou vicerreitor competente. Non son válidas as certificacións asinadas polos Departamentos ou polos relatores dos mesmos.

**Décima.** Teranse en conta as horas que figuren nas certificacións ou diplomas das actividades de formación. No caso de que figuren horas e créditos, prevalecerán as horas sobre os créditos.

**Décimo primeira.** Os aspirantes non poderán ter máis de 10 puntos pola valoración dos seus méritos.

## 4. REMATE DO PROCESO SELECTIVO: CONCURSO/OPOSICIÓN

### A- Persoal que non superou o proceso ou non acadou praza:

Se figuraba nas listas de interinos/substitutos da Consellería e foi chamado para traballar nalgunha ocasión, permanecerá na mesma posición (agás chamamentos para

prazas bilingües se a lista ordinaria de chamamentos non chegou ao posto que se ocupa), sempre que se teña presentado ás oposicións (aquí ou noutra CCAA).

Se NON figuraba na lista da especialidade pola que se presentou, ou se figuraba pero nunca foi chamado por esa especialidade:



1. Se tiña a especialidade da oposición por titulación, ou superou a primeira proba do proceso, entrará a formar parte da lista desa especialidade polo número de orde acadado segundo a puntuación da fase de oposición.

2. No caso contrario NON entrará a formar parte das novas listas.

### **B- Persoal libre que superou o proceso selectivo acadando praza:**

Deberá efectuar unha solicitude de DESTINOS no prazo de DOUS días hábiles contados desde o día seguinte ao da publicación da lista de aprobados polos tribunais [www.edu.xunta.es](http://www.edu.xunta.es).

### **• PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN**

Lista única de aprobados por especialidade: Publicarase no DOG.

No prazo de 20 días naturais dende o día seguinte desta publicación, deberanse presentar por medios electrónicos e dirixido á Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional os seguintes documentos:

a) Certificado médico.

b) Declaración responsable.

c) Certificado de non ter antecedentes por delitos sexuais, agás no suposto de ter autorizado na instancia a consulta de datos do Rexistro Central de delinquentes sexuais.

### **• FASE DE PRÁCTICAS**

- Duración catro meses efectivos (agás causas xustificadas). Poderán aplazarse por causa xustificada e a petición da persoa interesada.

- Para a súa avaliación realizarase un informe-memoria final coa valoración global da súa actividade, dificultades encontradas e apoios recibidos que lle será entregado ao remate da fase de prácticas á comisión cualificadora.

- A avaliación do persoal aspirante será efectuada pola citada comisión a partir dos informes emitidos polo profesor-titor, a dirección do centro, o persoal responsable das actividades de formación e, se é o caso, o inspector ou inspectora responsable do centro e do informe presentado polo propio aspirante.

- As prácticas cualificaranse como APTO (será nomeado como funcionario de carreira a setembro de 2020 ou NON APTO (poderá repetir esta fase UNHA ÚNICA VEZ no seguinte curso).

## CONVOCATORIA OPOSICIÓN GALICIA 2018

### FASE DE OPOSICIÓN (SISTEMA XERAL DE INGRESO): 60% DA NOTA FINAL

(A cualificación será a media aritmética das puntuacións obtidas nas dúas probas que a integran, cando ambas as dúas foran superadas)

<b>1ª PROBA (eliminatória)</b>	<b>PARTE A (proba práctica) 60%</b>	<b>PARTE B (proba escrita) 40%</b>
<p>Procederáse á lectura conxunta das PARTES A e B (cualificación por separado). Supérase, acadando un mínimo de 2.5 puntos de 10 en cada parte e acadando unha nota final superior a 5 sumando as dúas partes. Os que superen esta proba presentarán os méritos ante o tribunal no prazo que este estipule.</p>	<p>Realización de exercicios prácticos axustados á especialidade. Tempo para a realización establecido polos tribunais</p>	<p>Dúas horas para o desenvolvemento dun tema dos extraídos polo tribunal do temario: Ata 25 temas a elixir entre 3 temas. Entre 26-50 a elixir entre 4 temas. Máis de 50 temas a elixir entre 5 temas.</p>
<b>2ª PROBA (eliminatória)</b>	<b>PARTE A</b>	<b>PARTE B</b>
<p>-1 hora para a exposición: 1º defensa da programación didáctica/plan de apoio (máximo 20 minutos, 2º exposición da U.D./ plan de intervención (máximo 30 minutos) e debate que non pode exceder de 10 minutos. - Esta 2ª proba valorase globalmente de 0 a 10 puntos debendo acadar unha puntuación mínima igual ou superior a 5 puntos.</p>	<p>Presentación da programación didáctica: fará referencia ao currículo dunha área da especialidade: -Mínimo 15 U.D. -Máximo 60 folios DIN-A4, a unha cara, Arial 12 sin comprimir, dobre espazo interlineal. -Entregarase polo persoal que supere a primeira proba no prazo que estableza o tribunal. *Para PT e AL Plan de apoio con un mínimo de 6 programas de intervención.</p>	<p>Preparación e exposición oral dunha U.D./programa de intervención para PT e AL. - A persoa aspirante elixe unha U.D . entre 3 extraídas ao chou. -1 hora para a preparación.</p>

**RESUMO DO BAREMO DO SISTEMA XERAL DE INGRESO.  
FASE DE CONCURSO (MÁXIMO 10 PUNTOS) : 40% DA NOTA FINAL**

**EXPERIENCIA DOCENTE PREVIA  
MÁX: 7 PUNTOS**

**En centros públicos:**

Ano no mesmo corpo: 0.7  
Ano en distinto corpo: 0.350

**Noutros centros:**

Ano no mesmo corpo: 0.150  
Ano en distinto corpo: 0.100

**FORMACIÓN ACADÉMICA PERMANENTE  
MÁX: 5 PUNTOS**

Expediente académico	6 - 7,5 (1,50 - 2,25)	1
	7,51 - 10 (2,26 - 4)	1,5
DEA, Máster		1
Doutoramento		1
Premio extraordinario no doutoramento		0,5
Outras titulacións universitarias	1º ciclo	1
	2º ciclo	1
Ensinanzas de Réxime especial e FP	Título Profesional de música ou danza	0,5
	Nivel avanzado ou equivalente de EOI	0,5
	Técnico superior de Artes Plásticas e Deseño	0,2
	Técnico Superior de FP	0,2
	Técnico Deportivo Superior	0,2

**OUTROS MÉRITOS  
MÁX: 2 PUNTOS**

Linguas estranxeiras	Nivel C2	1,2
	Nivel C1	1
	Título estranxeiro equivalente ao B2 (avanzado), sempre que non se acredítase o título equivalente da EOI no mesmo idioma	0,5
Actividades de formación e perfeccionamento	Superadas, cada 10 horas	0,1
	Impartidas, cada 5 horas	0,1

Xa podes seguirnos nas redes sociais  
máis importantes



Busca ANPE Galicia e  
preme en "gústame"



Busca @AnpeGalicia  
e séguenos en Twitter

e mantente informado minuto a minuto  
de tódalas novas do ensino

### **ANPE - Galicia - Santiago**

Centro de Negocios Compostela Norte  
Rúa Xosé Chao Rego, 8 - baixo  
15705 Santiago de Compostela  
981552393 · galicia@anpe.es · santiago@anpe.es

### **ANPE - Coruña**

Avda. Buenos Aires, 7 Entpla. Esq.  
15004 A Coruña  
981271915 - 651866058 · acoruna@anpe.es

### **ANPE - Lugo**

San Roque, 94-98 - Entpla. Esq.  
27002 Lugo  
982227912 · lugo@anpe.es

### **ANPE - Ourense**

Progreso, 83 - 1º D  
32004 Ourense  
988255852 · ourense@anpe.es

### **ANPE - Pontevedra - Vigo**

República Argentina, 10 - Entrechán ofic. 3  
36201 Vigo - Pontevedra  
986437043 · anpe@mundo-r.com  
pontevedra@anpe.es

**[www.anpegalicia.es](http://www.anpegalicia.es)**